

PROGRAMACIÓN CULTURAL MES DE OUTUBRO

▶ SÁBADOS 1, 8 E 15.

Seminario nº1 Auditorio [OBRADOIRO TEATRO]
Mozos: 10:00 a 13:00 h. Adultos: 17:00 a 20:00 h.


▶ “A Liberación”

DIRIXE: DAVID SEJO [ACTOR]

Prezo: 20 € (xornada de tres horas). Aforo máximo: 15 persoas
Reserva de praza: seijosanmiguel@gmail.com / 678 709 431

▶ SÁBADO 1


Salón de actos Auditorio [20:00] [TEATRO]
PROGRAMADO DENTRO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS (AGADIC)



▶ Teatro do Noroeste: «Gloria Nacional»

Uxío Rodas, escultor e pintor, é considerado polos seus contemporáneos unha auténtica “gloria nacional”. As súas esculturas están nos mellores museos internacionais. Agora está no seu estudio, apartado da civilización, tentando concentrarse no seu traballo máis importante. O goberno do seu país, ao través do seu presidente, acaba de encargarlle unha escultura monumental que se colocará na praza principal da capital. Unha escultura que represente e simbolice á nación. A Uxío cústalle encarar o seu traballo, está en crise creativa, e estando nesas recibe a visita, primeiro da súa representante e marchante nos mercados internacionais e despois a da propia ministra de cultura do seu país. O actual debate, arte, cultura, mercados e política está servido.

Venda de Entradas: anticipada en ataquilla.com e de non esgotarse, na billeteira do Auditorio a partir das 18:00h. Entrada xeral: Zona A, B e C: 5€ (+gastos de xestión). Entrada bonificada para desempregados, maiores de 65 anos e titulares de carné xove: Zona A, B e C: 3€ (+ gastos de xestión).



▶ MÉRCORES 5

Salón García [21:00] [CINE]

▶ Pierrot Le Fou

PROXECCIONS CINE CLUB ÁDEGA

Prezos: socios anuais: entrada de balde. Socios por 1 día/sesión: 4€

▶ VENRES 7

Rúa Alcalde Rey Daviña [12:00] [POESÍA-MÚSICA]

PROGRAMADO NAS ACTIVIDADES DE SEMANA DE MULLER E CULTURA
Inauguración espectáculo poético de rúa:

▶ “Tecedoras, Patchwork poético”

Recital de poemas colectivos elaborados con pezas de 18 poetas galegas. Cada peza ten sentido de xeito individual, pero ao lerse en continuidade tecen unha creación única de voces e sentires femininos. O espectáculo complétase coa actuación de Lupe Blanco, considerada a mellor regueifeira de Galicia.

Seminario 1 Auditorio [17:00] [OBRADOIRO]

PROGRAMADO NAS ACTIVIDADES DE SEMANA DE MULLER E CULTURA
Obradoiro (a partir de 12 anos)

▶ A maleta azul dos libros raros: As mulleres esquecidas

Enma Pedreira. Filóloga e escritora.

Inscripcións: Ata o 5/10 na Área de Igualdade ou muller@vilagarcia.gal

Sala de Conferencias Auditorio [19:00]

PROGRAMADO NAS ACTIVIDADES DE SEMANA DE MULLER E CULTURA

▶ Faladoiro: “As poetas galegas. Olladas no espello”

Marta Dacosta. Escritora e profesora de lingua galega e literatura.

Marga do Val. Poeta, tradutora e profesora de lingua galega e literatura.

Enma Pedreira. Filóloga e escritora.

Patricia Torrado. Museóloga, escritora, armadanzas e psicompas.

Moderadora: Vera Hermida. Activista feminista, política e poeta.

Entrada de balde ata completar aforo

Sala de Conferencias Auditorio [20:30]

▶ Espectáculo poético: “Tecedoras de Fías”

Espectáculo a catro mans que fai visible o son e a palabra do tecido compartido das mulleres, esa urda vital da poética e a música.

Participan: Andrea F. Maneiro, Enma Pedreira. Filóloga, Patricia Torrado e Clara Pino.

Entrada de balde ata completar aforo



▶ VENRES 7

Salón de actos - Auditorio [20:30] [MÚSICA]

PROGRAMACIÓN DA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VILAGARCÍA

▶ Pacho Flores [trompeta] & Pepe Rivero [piano] “Ecos Latinos”

O concerto inaugural da sétima tempada da Sociedade Filarmónica contará co regreso a Vilagarcía de Pacho Flores, considerado pola crítica especializada coma o mellor trompetista do momento.

Acompañado polo seu pianista Pepe Rivero, Pacho ofrecerá un concerto único cheo de virtuosismo e trepidantes ritmos.

Concerto patrocinado pola Concellería de Cultura

Entrada de balde ata completar aforo.

▶ SÁBADO 8

Sala de Conferencias Auditorio [12:00-13:30] [OBRADOIRO]

PROGRAMADO NAS ACTIVIDADES DE SEMANA DE MULLER E CULTURA

▶ Obradoiro didáctico de Regueifa (a partir de 12 anos)

Impartido por Lupe Blanco. Pandereteira e regueifeira. Gañadora do 1º dos “Premios Galegos de Regueifa” [2022].

Inscripcións: Ata o 5/10 na Área de Igualdade ou muller@vilagarcia.gal

▶ SÁBADO 8

Salón de actos - Auditorio [20:00] [MÚSICA]

▶ Concerto de Outono.

Banda de Música de Vilagarcía de Arousa

Dirixe: Suso Nogueira

Entrada de balde ata completar aforo

e balde ata completar aforo

▶ VENRES 14

Sala de Conferencias Auditorio [20:30]

[LITERATURA]

▶ Presentación dos libros: «¿Hay alguien ahí?» e «Un par de ojos nuevos»

Autora: Ellen Duthie



▶ VENRES 14

Salón García [21:00] [POESÍA-MÚSICA]

PROGRAMADO NAS ACTIVIDADES DE SEMANA DE MULLER E CULTURA

▶ Espectáculo Poético Musical: Faia & Benxamín Otero

Faia Díaz, fundadora e integrante do grupo musical De Vacas, do Coro Encaixe e da compañía A Patacón, presenta un espectáculo evolución do seu primeiro disco, *Ao cabo leirín* [2019], no que a través dunha selección de arquivos tradicionais, a muller volve a ser protagonista, portadora dunha identidade rica, xenuína e diversa. Acompañana Benxamín Otero no corno inglés e caixa de música e Hevi no son e na produción.

Entrada de balde ata completar aforo con reserva previa en ataquilla.com

▶ **SÁBADO 15**


Sala de conferencias Auditorio [10:00-14:00] [OBRADOIRO]

▶ **Wonder Ponder en el aula**

Obradoiro de filosofía visual para todas as idades impartido por Ellen Duthie, autora do libro *¿Hay alguien ahí?*.
Inscripción: www.filosofiaparanenos.com ou merinocorleone@gmail.com
Entrada de balde ata completar aforo
Organiza: Centro de Filosofía para nenas e nenos Galicia

▶ **SÁBADO 15**

Salón de actos Auditorio [20:00] [TEATRO]
PROGRAMADO DENTRO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS (AGADIC)



▶ **As Cigarreiras**

Dirección: Cándido Pazó.
Elenco: Tamara Canosa, Susana Dans, Merce Castro, Isabel Naveira, Covadonga Berdiñas, Ana Santos y Leticia Sola.
Cando unha muller está dando a luz ao seu fillo bastardo, froito dunha relación socialmente imposible entre unha proletaria e un burgués, oe a voz dunha multitude na rúa que berra: "Viva a República Federal!". Esta historia é unha testemuña da crise política que levou á caída da dinastía borbónica, e das primeiras loitas feministas das traballadoras da Fábrica de Tabacos da Coruña, que iniciou a contratación masiva de man de obra feminina. Tempos convulsos nos que resoan ecos de actualidade.

Venda de Entradas: anticipada en ataquilla.com e, de non esgotarse, na billeteira do Auditorio a partir das 18:00h.
Entrada xeral: Zona A, B e C: 5€ (+gastos de xestión).
Entrada bonificada para desempregados, maiores de 65 anos e titulares de carné xove: Zona A, B e C: 3€ (+ gastos de xestión). Deberán acreditar a súa condición de beneficiarios no control de acceso.



▶ **MÉRCORES 19**

Salón García [21:00] [CINE]

▶ **Les Olympiades**

PROYECCIONS CINE CLUB ÁDEGA
París, distrito 13, barrio de Les Olympiades. Émilie coñece a Camille, que sente atraído por Nora, que, a vez, crúzase no camiño de Amber. Tres mozas e un mozo. Son amigos, ás veces amantes e, a miúdo, as dúas cousas.

Ano: 2021. Xénero: drama romántico.
Duración: 105 min.
Venda de entradas: no Salón García a partir das 20:30 h o día da proxección.
Prezos: socios anuais: entrada de balde. Socios por 1€ día/sesión: 4€



▶ **DO 21 AO 31 DE OUTUBRO**

▶ **Curtas**

Festival do Imaxinario de Vilagarcía de Arousa

+info na web, nas redes sociais do Concello de Vilagarcía e na páxina <https://curtas.org>



▶ **SÁBADO 12**

Salón de actos Auditorio [18:00] [TEATRO INFANTIL]
PROGRAMADO DENTRO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS (AGADIC)

▶ **Laika**

Espectáculo internacional dispoñible en todos os idiomas (estrea da versión en galego en Vilagarcía)
1957. Estamos en Moscova. Durante a Guerra Fría e en plena carreira espacial. A cadeliña Laika sobrevive polas rúas da xeadada cidade. Nada lle fai sospeitar que o seu destino levaraa ao espazo dentro do Sputnik II e pasará á historia da humanidade. Será o primeiro ser vivo en orbitar ao redor da Terra pero tamén unha vítima máis das loitas de poder doutros.

Xirriquiteula Teatre utiliza neste espectáculo técnicas tan diversas como as retroproxeccións animadas, monicreques, autómatas, sombras e o traballo de actor para uns personaxes que falan nun ruso moi singular. Todo iso aderezado por unha banda sonora creada a medida para arroupar cada escena. Un delicado traballo multidisciplinar onde todo encaixa despois de dous anos de intenso e longo traballo en colectivo. Un espectáculo que nos fala das marabillas do ceo pero tamén das inxustizas da Terra.

Clasificación: Teatro infantil. Duración: 60 min. Público: (+4 anos)

Entrada xeral: Zona A, B e C: 5€

Entrada infantil (ata 13 anos) Zona A, B e C: 3€

Entrada bonificada para desempregados (tarxeta de emprego), maiores de 65 anos (DNI) e titulares de carné xove: Zona A, B e C: 3€ (+gastos de xestión), deberán acreditar a súa condición de beneficiarios no control de acceso.

Venda de Entradas: anticipada en ataquilla.com e de non esgotarse, na billeteira do Auditorio a partir das 16:00h.



PROGRAMACIÓN
CULTURAL

Concello Vilagarcía de Arousa @vilagarciaxiva

